

– ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL*ARTIGO 1º.–FUNDAMENTO E NATUREZA*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a Taxa de Cemiterio Municipal, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuas normas atende ao previsto no artigo 58 da citada Lei 38/1988.

ARTIGO 2º.–FEITO IMPOÑIBLE

Constitue o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns o sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos destinados ao descanso dos defuntos, e calesquiera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

ARTIGO 3º.–SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuintes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

ARTIGO 4º.–RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo das persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da lei General Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei General Tributaria.

ARTIGO 5º.–EXENCIONS SUBXETIVAS

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de :

- a) Os enterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sin ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

ARTIGO 6º.–CUOTA TRIBUTARIA

A cuota desta taxa será a que figure no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 7º.–DEVENGO

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravamen, entendéndose, a estos efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

ARTIGO 8º.–DECLARACION, LIQUIDACIÓN E INGRESO

1.Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns acompañada do correspondente proxectos e memoria autorizados por facultativo competente.

2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que haia sido prestado dito servizo, para seu ingreso directo nas arcas municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento General de Recadación.

ARTIGO 9º.—INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en caso, se estará ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o seguinte día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

A N E X O :

- A) dereitos de enterramento en panteón dentro do termo municipal, (25,82 €).
- B) dereitos exhumación ou traslado de restos, (21,13 €).

 - a outro ou doutro cemiterio no termo municipal, (15,26 €).
 - a outro ou doutro termo municipal, (19,95 €).

CESION TERREOS MUNICIPAIS:

- 1) Parcelas de preferencia, o metro cadrado, (149,09 €).
- 2) Parcelas de primeira clase, o m², (104,48 €).
- 3) Parcelas de segunda clase, o m², (70,43 €).
- 4) Parcelas de terceira clase, o m², (61,03 €).

— ORDENANZA “FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES DE SERVIZOS DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO”

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137, e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, modificada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de ordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Pontearreas establece a Taxa por Servizos e actividades de prerrecollida, recollida e tratamento do lixo.

CAPITULO 1º.—FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 1º.—DESCRIPCIÓN XENÉRICA

- 1. Constitúe o feito imponible da presenta Taxa, tanto a prestación dos servizos públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de salubridade pública, coma a realización daquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do suxeito pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, se dirixan á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de hixiene pública preexistentes á produción da acción ou omisión.

ARTIGO 2º.—MANIFESTACIÓN DO FEITO IMPOÑIBLE.

- 1. Integran o feito imponible as prestacións de servizos e a realización das actividades que se reseñan seguidamente: